



DATOS IDENTIFICATIVOS

Fonética e fonoloxía da lingua galega

Materia	Fonética e fonoloxía da lingua galega			
Código	V01G400V01902			
Titulación	Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	3	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Fernández Salgado, Xosé Antonio			
Profesorado	Fernández Salgado, Xosé Antonio			
Correo-e	xsalgado@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Pártese da delimitación e caracterización das dúas disciplinas, Fonética e Fonoloxía, e abórdase logo a descrición do sistema vocálico galego, tónico e átono, a sílaba e os ditongos, o sistema consonántico, para rematar no nivel suprasegmental con todo o referido á prosodia. Dedicase especial atención á mellora da fonética e da prosodia do alumnado, alí onde son máis apreciadas as interferencias do castelán, coa proposta de actividades de carácter oral.			

Competencias

Código	
A1	Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A2	Que o estudantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A5	Que os estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Capacitación do estudantado para que adquira coñecementos lingüísticos e literarios.
B2	Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permita ao estudantado acceder ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar.
B7	Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüísticos e literarios.
C1	Perfecto dominio instrumental das linguas galega, española e portuguesa.
C5	Coñecemento dos conceptos e métodos da análise lingüística.
C8	Coñecemento das correntes teóricas e metodolóxicas da lingüística.
C17	Capacidade para elaborar textos orais e escritos de diferente tipo.
C21	Coñecemento teórico e práctico da fonética e da fonoloxía do galego, español e portugués.
D1	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
D2	Comunicación oral e escrita na lingua materna.
D5	Capacidade de xerar novas ideas.
D8	Habilidade para traballar de forma autónoma.
D10	Capacidade de análise e síntese.
D11	Capacidade para manexar a bibliografía consultada e para citala axeitadamente.
D12	Respecto pola ética profesional e, en particular, pola propiedade intelectual.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

Identificar, reproducir e describir os sons do galego.	A5	B7	C1 C5 C17 C21	D5 D8
Proporcionar coñecementos teóricos básicos sobre os principios que rixen a interpretación de enlace.				
Interpretar procesos de variación e cambio fonéticos e fonolóxicos en galego	A1	B2 B7	C1 C17 C21	D1 D10
Transcribir fonolóxica e foneticamente textos do galego de diferente tipo.	A1	B1	C1 C17 C21	D1 D2 D11
Coñecer e aplicar os conceptos, técnicas e métodos de análise da compoñente fónica da lingua galega, e presentar o seu resultado tanto oralmente como por escrito, seguindo as convencións académicas.	A2	B2 B7	C5 C8 C21	D1 D11 D12
Ser capaces de sensibilizar na apreciación da diversidade lingüística e eliminar prexuízos lingüísticos, sobre todo no nivel fónico da lingua.	A1			D12

Contidos

Tema	
I. A análise fonética e fonolóxica do galego.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Fonética e Fonoloxía: definición e caracterización. Sons, fonemas e grafías. A transcripción dos sons: os alfabetos fonéticos (AFI e RFE). 2. Fonética da lingua galega. Subdisciplinas: fonética acústica, fonética articulatória e fonética auditiva. Descrición articulatória dos sons lingüísticos do galego. 3. Fonoloxía estrutural da lingua galega. Os fonemas. Delimitación e definición. Segmentación e conmutación. Oposición e trazos distintivos. Neutralización e arquifonemas.
II. O sistema vocálico.	<ol style="list-style-type: none"> 1. A posición tónica: fonemas e realización. Contextos en que aparece /E, e, O, o/. Fenómenos de variación e interferencia. 2. A posición átona. As vogais pretónicas /E, O/. A realización das vogais postónicas. Fenómenos de variación: modificación, adición e supresión.
III. O sistema consonántico	<ol style="list-style-type: none"> 1. Estrutura do sistema do galego común e outros sistemas. 2. Fenómenos de variación nas consoantes oclusivas (os grupos cultos, a gheada), nas sibilantes (o seseo, o rotacismo, a aspiración), nas nasais (o n velar), nas líquidas (o ieísmo) e nas vibrantes (metátese).
IV. A sílaba. Ditongos, tritongos e hiatos	<ol style="list-style-type: none"> 1. A sílaba: concepto, estrutura e tipos. 2. Ditongos, tritongos e hiatos: definición e caracterización. Fenómenos de variación.
V. A prosodia do galego	<ol style="list-style-type: none"> 1. A fonética sintáctica: o sandhi externo. Resultados de encontros de vogal + vogal, consoante + vogal e consoante + consoante: fenómenos máis frecuentes. 2. Acento e entoación.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	18	39	57
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	24	55	79
Actividades introdutorias	2	7	9
Eventos docentes e/ou divulgativos	0	1	1
Probas de resposta curta	2	0	2
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	1	0	1
Outras	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

Descrición

Sesión maxistral	<p>Son as horas que o docente dedica a expoñer contidos da materia e as directrices e bases teóricas dos traballos, exercicios, comentarios e transcrisións fonéticas que deberá facer o alumnado. Recoméndase que cando o profesor facilite por adiantado fotocopias ou outro material o alumnado traia previamente traballado ese material.</p> <p>O ALUMNADO SEMIPRESENCIAL disporá dos materiais necesarios para avanzar en cada unidade temática na plataforma de ensino virtual Faitic ou, no seu caso, en fotocopia ou PDF; o profesor poderá facerllos chegar tamén a través de e-mail. Existe a posibilidade de gravación en vídeo destas aulas.</p>
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	<p>O docente entregará actividades en que se formulan problemas e /ou exercicios relacionados con contidos da materia, que complementan as leccións maxistras. Préstase especial atención á transcrisión e ó comentario fonéticos de textos de diferente tipo e rexistro. Naqueles casos en que o profesor entregue previamente os exercicios, recoméndase que o/a alumno/a os traia traballados. O profesor dará indicación daqueles que son avaliábeis.</p> <p>Para o ALUMNADO SEMIPRESENCIAL o profesor colgará no Faitic ou fará chegar vía e-mail estas actividades e deixará un tempo prudencial para a súa resolución. Despois, enviaranse as solucións para a súa autocomprobación.</p>
Actividades introductorias	<p>Son actividades que se realizan o primeiro día de clase, encamiñadas a expoñer os obxectivos e presentar os contidos e principais tarefas do curso así como a bibliografía da materia. Especificamente pídesse ó alumnado a familiarización o antes posible cos símbolos fonéticos do AFI, dos cales se reparte material de estudo ese día. O alumnado SEMIPRESENCIAL deberá acudir obrigatoriamente a esta sesión de presentación. Ese día dáse material fotocopiado.</p>
Eventos docentes e/ou divulgativos	<p>Son horas dedicadas polo alumnado a acudir a conferencias, charlas, exposicións, mesas redondas, debates etc. realizados por relatores/as de prestixio, que permiten afondar ou complementar os contidos da materia. Poden ser fóra do horario escolar.</p>

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Existe a posibilidade para o alumnado SEMIPRESENCIAL da gravación en vídeo das clases maxistras.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	O docente terá tutorías individualizadas ou en pequeno grupo cando así o requira o alumnado en canto ás directrices que debe seguir na resolución de actividades ou nos comentarios dos erros cometidos nas prácticas que se manden entregar como parte da avaliación. Para o ALUMNADO SEMIPRESENCIAL realizaranse tres sesións presenciais, tipo SEMINARIO, distribuídas ó longo do cuadrimestre (provisoriamente últimas semanas de febreiro, marzo e abril), co fin de que o alumnado poida solucionar dúbidas e solicitar explicacións sobre puntos concretos do temario. Así mesmo será atendido en horas de tutoría vía e-mail na maior rapidez posible.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Sesión maxistral	Valorarase a asistencia ás clases sempre e cando sexa máis do 80% delas, así como a participación activa nelas. Para o ALUMNADO SEMIPRESENCIAL esta puntuación súmase á parte "Resolución de problemas ou exercicios"	5	A2 B7 C1 D5 A5 C21 D12
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Durante o curso, o docente especificará que actividades prácticas das propostas son avaliábeis. Especificamente, o estudante deberá entregar nas datas indicadas a transcrisión fonética estreita de 4 textos propostos polo docente e, obrigatoriamente, o resumo crítico de tres artigos que se indican na "Bibliografía". Tamén se valorará a participación activa na resolución das outras actividades. O alumnado de avaliación única deberán realizar obrigatoriamente un "Traballo titorado", para o cal deberán pórse en contacto co profesor. O dito anteriormente é válido para o ALUMNADO SEMIPRESENCIAL.	25	A1 B1 C1 D1 A5 B7 C5 D2 C17 D8 C21 D11
Probas de resposta curta	Realizarase unha proba escrita de resposta curta na última semana de clase sobre os contidos teórico-prácticos da materia. Esta proba coincidirá o mesmo día que as probas de resposta longa. O ALUMNADO SEMIPRESENCIAL realizará os exames sempre de xeito presencial na mesma data có resto do alumnado. O alumnado de avaliación única, sexa semipresencial ou presencial, realizará este exame escrito na data que dispoña o calendario oficial de exames de maio da Facultade.	30	B2 C1 D1 B7 C5 D2 C8 D10 C17 C21

Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Realizarase unha proba escrita de resposta longa na última semana de clase sobre os contidos teórico-prácticos da materia. Esta proba coincidirá o mesmo día que as probas de resposta curta. O ALUMNADO SEMIPRESENCIAL realizará os exames sempre de xeito presencial na mesma data có resto do alumnado. O alumnado de avaliación única, sexa semipresencial ou presencial, realizará este exame escrito na data que dispoña o calendario oficial de exames de maio da Facultade.	30	B2 C1 D2 B7 C5 D10 C8 C17 C21
Outras	Realizarase unha proba oral ó final do cuadrimestre. Nela o estudante deberá demostrar que domina o estándar fónico galego, sobre todo os trazos fónicos individualizadores. Será necesario superar esta proba para aprobar a materia.	10	C1 D2 C17 C21

Outros comentarios sobre a Avaliación

Existen dous sistemas de avaliación da materia: a) **Avaliación continua**, para o alumnado que asista regularmente ás clases presenciais, e realice e entregue as tarefas de avaliación indicadas polo profesor en tempo e forma. É obrigatorio entregar os tres resumos de bibliografía. A puntuación final obterase da suma das porcentaxes das puntuacións expresadas arriba. De non superar algunha das actividades que se avalían, o profesor poderá mandar repetilas para corrixilas. En todo caso, o/a alumno/a, polo menos, deberá ter aprobado os apartados de "Probas de resposta curta" e "Probas de resposta longa"; estes exames escritos realizaranse na **última semana de clase**. De non superar a materia en maio, o alumnado deberá realizar un **exame escrito na convocatoria oficial de xullo**. No final do curso tamén se realizará un **exame oral** individual, que o alumnado deberá superar para aprobar a materia. Se por causa xustificada algún alumno/a non pode cumprir a condición de asistencia regular ás clases e a entrega das tarefas deberá comunicarllo ó docente, quen poderá habilitar outras actividades compensatorias. No caso de que o/a alumno/a renuncie á avaliación continua ou incumpra as condicións esixidas para a avaliación continua pasará a ser avaliado polo sistema b) de "Avaliación única".

b) **Avaliación única**. O alumnado que non opte polo sistema de "avaliación continua", para superar a materia na convocatoria de **maio** deberá entregar obrigatoriamente un "**Traballo tutelado**" (20% da nota final) o día do exame escrito e examinarse sobre todos os contidos da materia nun **exame escrito final único** (70%) que se celebrará na data que dispoña o calendario oficial de exames da Facultade; ese mesmo día farase tamén un **exame oral** (10% da nota). De non superar a materia en maio, o alumnado deberá **repetir as partes suspensas na convocatoria de xullo**, na data que dispoña a Facultade. O/a alumno/a deberá superar obrigatoriamente o exame oral para aprobar a materia. O "**Traballo tutelado**" consistirá na gravación, transcripción e comentario dun texto do galego oral. Deberán poñerse en contacto co profesor para máis detalles deste traballo. Os/as alumnos/as que opten por este sistema poderán asistir ás aulas e ser atendidos nas titorías cando o solicitaren.

Bibliografía. Fontes de información

Gramáticas galegas con parte de Fonética e Fonoloxía

- Álvarez, R., Regueira, X.L. & Monteagudo, H. (1986): "Fonética e fonoloxía", en *Gramática galega*. Vigo: Galaxia, 11-46.
- Álvarez, R. e Xove, X. (2002): "Fonética e fonoloxía", en *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia, 23-47.
- Freixeiro Mato, X. R. (1998): *Gramática da lingua galega. v. 1: Fonética e Fonoloxía*. Vigo: A Nosa Terra.

Bibliografía básica

- Fernández Salgado, Xosé A. (2017): *Apuntes da materia*. Edición do autor.

Lecturas obrigatorias

- Regueira, X.L. (2008): "Cambios fonéticos e fonolóxicos no galego contemporáneo", *Estudos de Lingüística Galega*, 1, 147-167. Edición en
liña file:///C:/Documents%20and%20Settings/Administrador/Mis%20documentos/Downloads/1492-4701-1

-PB.pdf.

- Regueira, X.L. (2010): "Introdución", en *Dicionario de pronuncia galega*. RAG/ILG, 1-23. Pode consultarse en PDF (<http://ilg.usc.es/pronuncia/dicionario%20fonético%20-%20introdución.pdf>).
- González Rei, B. (2003): "Interferencias do castelán galego nas realizacións das consoantes nasais", *Cadernos de lingua* 24, 5-26.

NOTA: Nas aulas darase unha bibliografía máis específica sobre fenómenos fonéticos particulares do galego.

Recomendacións

Outros comentarios

Para poder seguir a materia cómpre ter un coñecemento activo elevado do galego oral.
